




Athyrium filix-femina

 Fenta, Fento femia

A **fenta** ou **fento femia** (*Athyrium filix-femina*) é unha especie de fieito longo e plumoso, natural na maior parte do Hemisferio Norte temperado, xeralmente abundante en ambientes húmidos e sombrizos (bosques) e que se planta a miúdo como elemento decorativo. Recibe tamén o nome de **fento manso**.

A planta é cespitosa (as frondas medran a partir do grupo basal ao longo do rizoma). As frondes son amarelo-verdosas, de 20–90 cm de lonxitude e 5–25 cm de amplo; e son caducas. Ossoros semellan puntos no envés das frondes, entre 1-6 soros por pínnula, cubertos por unha prominencia albeira, e con forma de ril. As frondes son tripinnuladas.

Cultivo e usos

O rizoma e as frondes novas son venenosas se están cruas, mais comestibles despois de cociñalas.



Fronda nova de *Athyrium filix-femina*

Fento femia



Clasificación científica

Reino: Plantae
División: Pteridophyta
Clase: Pteridopsida
Orde: Polypodiales
Familia: Woodsiaceae
Xénero: *Athyrium*
Especie: "*A. filix-femina*"

Nome binomial

'*Athyrium filix-femina*'
(L.) Roth



Debuxo do século 19



Os fentos, feitos, feitos ou felgos son plantas vasculares agrupadas na división Pteridophyta.

O grupo fórmano unhas 12.000 especies de plantas que, coma os musgos, teñen xilema e floema (sendo logo consideradas plantas vasculares). Teñen talos, follas e raíces como as outras plantas vasculares.

A diferenza é que non teñen flores nin producen semente, ao se reproduciren por esporas. Están formados por un rizoma carnoso e follas grandes ás veces moi divididas: as frondes.

O grupo de fentos máis amplo con diferenza é Polypodiopsida, pero os fentos como aquí se definen (chamados tamén monilofitos) inclúen as xestelas (xénero *Equisetum*), o xénero *Psilotum*, a familia das maratiáceas, e a das ofioglosáceas. O termo pteridophyte tamén se refire a outras plantas vasculares que non son en si "fentos" (ver clasificación na sección de abaixo).

Os fentos aparecen en rexistros fósiles de hai 360 millóns de anos, no Carbonífero, porén moitas das familias e especies que hoxe en día existen non apareceron até hai aproximadamente 145 millóns de anos, ao comezo do Cretáceo (despois de que as plantas con flores comezaran a dominar o ambiente).

Os fentos non teñen moita importancia económica, aínda que algúns son comestíbeis, poden ser usados como ornamentais, para restauración de solos contaminados ou incluso para limpar o ar pola súa capacidade de retirar contaminates químicos do ar. Algúns considéranse herbas daniñas. Xogan tamén un papel importante na mitoloxía, na medicina e na arte.

O máis estendido dos fentos é o fento común (*Pteridium aquilinum*), moi abundoso en Galicia, por exemplo nas carballeiras onde forman estensas superficies. Emprégase como estrume. Segundo a área xeográfica recibe diferentes nomes: feito, feito, felgo, felga, fenta, fieita, folgueiro, folgueira, fulgueiro, fulgueira, folgueirón, cento, fiento, ciento, faínto, feínto, fuento, fenta, afeto, foletto, foletto, fuleto, fuleiro e felecho.





